

pre-texto 64



Dende a Programación Expandida do TRCDanza 2020 e con motivo da presentación de “Oasis Paraíso - Mano Dura” de Cris Vilariño o vindeiro 12 de setembro no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, convidamos á bailarina e creadora Andrea Quintana á elaboración deste Pre-Texto.

Andrea Quintana é unha bailarina galega de ampla traxectoria que se define a si mesma como unha artista poliamorosa das artes vivas con perfil expandido. Actualmente traballa na súa última creación “O raro é que bailar sexa raro” ao tempo que continúa formando parte de distintas causas colectivas no noso territorio.

Andrea Quintana sobre Cris Vilariño.

Este Oasis que chega ao Teatro Rosalía de Castro da man do Colectivo RPM e as Residencias Paraíso é unha ventá aberta a coñecer as vísceras e a crueza do que é un traballo en proceso. Ese lugar de fragilidade onde compartes a investigación na que andas mergullada, iso raro, efémero e amorfo, iso aínda intanxible no que estás a experimentar. Cando fas este tipo de mostras dunha peza en proceso, sénteste vulnerable, pero ese compartir co público ponte en risco, revoluciona a adrenalina e dálle un empurre ao traballo que te axuda a entender(te) mellor. Sempre é interesante achegarse as estadias dun proxecto e coñecer a súa transformación, un xeito de aproximarse ao vocabulario de cada artista, un esbozo que vai collendo forma pouco a pouco. Ás veces as pezas saen rapidamente, outras veces tárdanse anos en facer, en entender o que estás a construír. En todo caso, o proceso creativo é un lugar onde todo pode suceder, no que errar e aceptar e, sobre todo, no que deixarse sorprenden.

PREÁMBULO

Cristina Vilariño lanzouse á aventura de propoñer aos seus fillos adolescentes facer algo xuntxs, algo así como un ritual escénico de despedida, un ritual de paso alternativo

no que festexar ese tránsito da adolescencia á vida adulta. Ese divorcio consensual e amistoso no que elxs deixarían de ser os seus nenxs para converterse en seres algo máis adultos e ela, nunha nai algo máis independente. Para ese tránsito, decide contar con Alberto Cortés que aparece en escena como ese colega que vén de visita á casa familiar, esa ollada externa sen lazo emocional-afectivo, que acompaña ese proceso no que levar enriba dun escenario a esta familia.

Cristina leva tempo desenvolvendo un traballo creativo e pedagóxico que aposta por unha educación alternativa. Este proxecto ten como punto de partida unha familia que aprendeu na casa, sen pupitres, sen horarios, co ensaio-erro como práctica, co diálogo, con asembleas, co corpo como experiencia e experimento para adquirir coñecemento. Esta é unha familia que construíu a escola na casa e decidiu elixir o camiño torcido. Esta familia non sabe moito sobre a educación regrada. Esta familia enfrontouse ás dificultades legais de elixir unha forma alternativa de vida.

¿Que é educar? ¿Para que te educan? ¿Quen te educa? ¿Te educan? ¿Canto te educan? ¿Onde te educan? ¿Como te educan? ¿Edúcote eu? ¿Edúcame ti? ¿Educación pública? ¿Educación concertada? ¿Educación privada?

COMEZAN OS ENSAIOS

Primeira semana: Emocionante aprender a ser familia dende outros lugares. Unha nai e os seus fillos enfrontándose ao proceso creativo. O desexo. Coñecerse, descubrirse, sorprendese do que non sabías da outra persoa. Bailar Whitney Houston a todo volume como unha catarse física colectiva. Se Nuno fora unha coreografía sería un sismo. Se Cristina fora unha declamación sería: ¡Bien Padre!. Se Lola fora un xénero dramático sería unha traxedia.

Segunda Semana: Dúbidas. Medos. Incertezas. Crise. Nuno e Lola non queren continuar. Asemblea. Decidir como facelo. Decidir non facelo. Deixar de estar onde non se quere estar, dicir que NON tamén é posible. A obrigación non entra neste proxecto. Cristina di: “Quizás si tuviera más mano dura se quedarían hasta el final... pero, si yo me pongo en su posición me gustaría haber aprendido que tengo la capacidad de marcharme y de no estar en el lugar en el que no quiero estar.”

No 1921, Alexander S. Neill, fundou unha escola chamada Summerhill como un centro pedagóxico non directivo que foi pioneira dentro das chamadas escolas libres, ba-

seada nuns principios pedagóxicos centrados no amor, no respecto, na convivencia e coa firme convicción da bondade natural dos seres humanos. Este controvertido centro tiña unhas directrices moi lonxe das escolas convencionais como a ausencia de ensinanza relixiosa, exames, cualificacións ou castigos, cun trato igualitario e a asemblea coma órgano xestor central. Ademais a escola funcionaba coa forte convicción da asistencia non obrigatoria ás clases. Lola, Cris e Nuno están a practicar o seu propio Summerhill escénico. Días de experiencias que non foron en balde que deixaron a súa pegada no novo camiño elixido.

CAMBIO DE RUMBO

Aparece en escena: A familia que proxectas. Alberto Cortés convértese no fillo Pisces: empático-dramático. De director dramaturgo a actor por sorpresa. Un bolero que continúa a ser un adolescente cada vez que sube a escena. Cris Vilariño segue a ser unha nai en proceso dentro do proceso, unha nai que tamén é unha filla, una nai que se cuestiona que se constrúe e reconstrúe e que, sobre todo, desexa facer un baile sexy con música pop dos '80. Nai e fillo, deciden chamar a Cristina Balboa para que forme parte da nova familia. Ela: coreografía tecno, crítica-ácida, irreverencia verbal mesturada co drama da vida, adoptada no novo núcleo familiar de recente cuño.

No entanto, eu reivindico a pregunta como fórmula máxima de aprendizaxe.

Pregúntome: ¿Aceptamos as nosas familias? ¿Como se aprende en familia? ¿Podemos elixir a nosa familia? ¿Que é ser familia? ¿Pode o estado limitar a liberdade de elixir o tipo de educación que desexa seguir o noso novo núcleo familiar?

Pregúntolles: ¿Que estades a experimentar nesta primeira residencia de ManoDura?

Estamos fracasando y aceptándolo. Está siendo un reto. Aceptación y amor. Estamos trabajando sobre la experiencia pedagógica y educativa que tuvo Cristina con su familia como punto de partida. Una reflexión radical sobre la educación. Para nosotros ManoDura tiene que ver con el castigo, con la autoridad, con la ideología del dogma, con la imposición del adultocentrismo. Reflexionamos sobre esa educación que no tuvimos, sobre todo eso que no nos contó nadie. Sobre el fracaso de la educación y sobre sus grietas. Sobre el deseo y la familia.

¿Cal sería a anti-teoría ManoDura?

La educación perfecta existe.

ᄃ OᄂXᄂᄂ-ᄂᄂᄂ

¿Se ManoDura fora un Haiku?

Mano Dura
Mano Dura
Lo que te hace falta es mano dura

¿Cal sería o manifesto ManoDura?

Tú que quieres aprender
Qué vas a hacer para aprenderlo
Para ser nadie tienes que bailar

EPÍLOGO

Na miña mente crúzanse María Montessori falando con Paulo Freire sobre pedagogías da independencia e pedagogías do oprimido mentres Eve Kosofsky fala sobre unha ignorancia tan poderosa e múltiple como o coñecemento e puntualiza que a aprendizaxe a miúdo prodúcese de forma completamente independente ao ensino. Eu sigo a voltas coas preguntas ¿somos educables? ¿educación anti-capital? ¿educación decolonial? ¿educación transfeminista? ¿educación participada? ¿educación ilegal? ¿educación segregada? ¿educación corporal? ¿educación radical?. Jacques Rancière, en *El maestro ignorante* examina as formas de compartir o coñecemento e defende un modo antidisciplinario de formas emancipatorias, o mestre -ou mellor a mestra- debe deixar que o seu alumnado se perda co fin de sentir confusión e así poder buscar o seu propio camiño cara diante ou cara atrás ou en círculos ou... ou... Como di o activista queer Jack Halberstam, deberíamos considerar a utilidade de perdernos no camiño, un deambular polo imprevisto, o inesperado, o improvisado e o sorprendente e considerar o fracaso como o mapa dos camiños non tomados e así abrir a posibilidade de des-aprender os nosos saberes de modo que poidamos cuestionar de novo loitas e debates que tiñamos xa resoltos.

pre-texto número 64, publicado o 8 de setembro de 2020.

Este texto foi escrito por Andrea Quintana para o Proxecto de Programación Expandida do TRCDanza 2020 e a súa liña de publicacións denominada "PreTextos" na que un profesional é convidado a poñer en contexto a obra dun determinado artista convidado ao programa TRCDanza, o programa estable de danza do Teatro Rosalía de Castro de A Coruña.